

# A CEGOÑA

(CONTOS DO TIO-VIVO)

Pepe Salvadores

Pepe Salvadores



Inusual visita dunha cegoña nunha praia (Boa, Noia).



A cegoña (*Ciconia ciconia*) é unha das aves máis coñecidas. Desde antigo foi querida e respectada, polo que se lle ten de forma case natural unha gran consideración, e só a unha persoa que non sexa "ben dada" pode pasarlle pola cabeza facerlle dano.

É unha ave singular respecto ao canto. Non está dotada, como as outras, de órganos para elaborar alegres trinos nin chamadas musicais. Comunicase articulando sons ao bater as queixadas, producindo un matraqueo característico.

A cegoña non canta, pero é elegante como todos aqueles e aquelas que están dotados de grandes zancas, sexan aves ou non. É unha ave grande e ten proporcionalmente esaxerado case todo: as patas, as ás, o pescozo, o peteiro. Ten as cores ben contrastadas; predomina o branco, con pinceladas negras nos extremos das ás, que, xunto ao toque vermello do peteiro e das patas, danlle un cromatismo que impide que pase desapercibida.

É dificilmente confundíbel con outras aves do seu mesmo tamaño e porte. Só mentres está voando podemos dubidar uns instantes se no ceo cruza unha garza, pero ao momento caeremos na conta do que divisamos, ben polas cores, ben ao fixarse no pescozo, xa que a garza lévaa

sempre recollido mentres que a cegoña o leva estarricado.

A súa alimentación é moi variada e pouco escollida. Come todo canto bravún se coñece: insectos, algún peixe, anfibios, réptiles, micromamíferos e non desbota caracois e lesmas. Madialeva o aprecio ás cegoñas coa "limpeza" que fan. Pero tan amplo menú lévaa a rebuscar nos vertedoiros, onde luxa o seu inmaculado traxe e perde un pouco de dignidade e, ás veces, o que é peor, a vida. Con frecuencia traga a branca cegoña útiles artificiais abandonados no campo que lle ocasionarán a morte. Os animais, confundidos, non poden comprender que haxa semellante porcallada antinatural ciscada polo mundo. Como exemplo de elementos mortíferos podemos citar as cordellas de rafia, tan utilizadas actualmente na agricultura, que recollidas polas cegoñas para a construción dos niños causan moitas baixas ao ensarillárense con elas as crías.

Ademais deste problema as cegoñas teñen outras ameazas non menos graves: a contaminación por veneno acumulado nas súas presas, os tendidos eléctricos ou a redución dos seus hábitats, etc. Todas estas trampas e inconvenientes levaron a unha baixa brutal dos seus efectivos en Europa nas décadas anteriores aos 90, aínda que se recuperaron con posterioridade.

En Galiza, sempre escasas, o naturalista e cazador José Curt no seu libro "Galicia viva. La fauna gallega y algo más", publicado en 1978, anunciaba a fin das cegoñas no noso país, nun capítulo

titulado "Las últimas cigüeñas". Afortunadamente, o agoireiro prognóstico non se cumpriu. Desde a perspectiva de hoxe o capítulo debería terse titulado "Volven as cegoñas" xa que desde aqueles anos veñen aumentando ostensiblemente en número e en niñadas, e son cada vez máis os exemplares que pasan o inverno entre nós.

Por que esta recuperación? Son empuxadas cara ao Norte polo cambio climático? Melloraron as condicións específicas do hábitat?... Son preguntas que deberían ter unha resposta para nos axudar a pulsar e coñecer mellor o que está a pasar no noso medio.

O que eu podo dicir é que, se en moitos anos só a tiña observado accidentalmente en raras ocasións, o ano pasado gocei dúas veces coa súa presenza nos días máis fríos do inverno. E neste ano confirmei a estabilidade da parella que alimentaba un polo repoludo no mesmo niño e vin como a xente da Terra Cha facilitaba que criaran a carón das vivendas.

O seu porte, a súa figura distinguida, o seu maxestoso voo, o aparecer e desaparecer perdida en longas e procelosas viaxes a lugares africanos, as lendas que a acompañan,... fan da cegoña un ser fascinante. Fago votos para que a elegante muda siga entre nós, porque dá extraordinaria vitalidade á paisaxe e alegra a maioría dos corazóns dos que a ven, aínda que non sexan entusiastas ornitólogos.

Pepe Salvadores



Tres cegoñas en Escuadro (Silleda).